



INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA
«ROSALÍA CASTRO»
SANTIAGO DE COMPOSTELA

9 marzo 1972

Sr. Don Luis Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta de felicitación con motivo das oposicións derradeiramente celebradas para cubrir en propiedade a cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago.

O amigo Piñeiro, coa súa admirable dilixencia, fixo chegar a nova aos catro puntos cardinais, segundo resulta das mensaxes que me veñen todos os días.

Realmente a noticia é importante; pero non polo feito episódico de ter sido eu o protagonista cáxegue involuntario dos feitos, senón porque Galicia necesitaba e reclamaba desde hai tempo que se proveera esa cátedra. Eu pouco máis poderéi facer do que xa viña facendo. Intentaréi, como traballo inmediato, completar a miña Historia da Literatura Galega Contemporánea. Polo de agora nin xiquera toméi posesión do cargo, pendente de trámites administrativos.

A miña dona agradez moito os teus saúdos. De nós dous recibídeos moi cariñosos a túa dona e ti. E máis unha aperta moi forte do teu vello amigo

L. Carballo
(Carballo Calero)